

CANTARES E CONTARES

3 PESOS

Tres Pesos é a formación de música tradicional composta por Felisa Segade, Xoan Porto e Xosé Antón Ferreira (Pepe de Calo). Tres voces, tres instrumentistas unidos tras unha rica traxectoria que agora reúne experiencia e afinidade para alimentar un proxecto en común, a modo de desembocadura dunha ducia de proxectos culturais anteriores, tales como Durindaina, Colexiata, Pradairo, A Ponte Vella, Ker-cuez, Estivada de Calo, Arreixeira, Leilía, Liceo de Noia, Brincadeira, Brétema, Alecrín, Dhais, Cristina Pato, Muthenroi, Ialma, Uxía, Cantata Vernácula...



“TRES XEITOS DE FACER,
TRES ADICTOS Á NOSA MÚSICA,
TRES CARAS DA MESMA MOEDA.
UN PROXECTO, UN SOÑO.”

O trío nace ó longo do ano 2013 e sae a escena por primeira vez nas festas de San Pedro de 2014 en Santiago de Compostela. O seu primeiro traballo, *Acta Fundacional*, foi gravado no estudio da Radio Galega e concentra en 9 temas a esencia de Tres Pesos. O seu segundo disco *De cando os animais cantaban* sae ó mercado en 2020 e representa toda unha reivindicación da necesidade cultural dos galegos de expresárense a través da música, de cantar en calquera situación cotiá da vida. No ano 2021 incorpórase á formación Xoán Porto, ao deixala temporalmente Estevo Lamas. Coa chegada do 2025 presentan o seu novo proxecto, labrado tras anos de recolleita da tradición das cantareiras do rural: **CANTARES E CONTARES**. Un traballo que reivindica a importancia da transmisión oral e co que fan da escena un novo punto de encontro entre os músicos e o público no que manter viva a nosa CULTURA.

Para este trío de ases, xa van “centos de horas sobre os escenarios e miles de horas fóra del soñando coa nosa música, coa nosa tradición”. É sabido que a música é matemática e a matemática destes Tres Pesos trae nesta nova ecuación un resultado entrañable.

Cantares e contares A cultura popular é coñecemento, e este acádase co tempo, coa vida. Acumulamos, como pobo, un mar de experiencias feito de pequenas pingas lingüísticas cheas de filosofía, ironía, sabedoría... que, sen saber moi ben o porqué, excitan as nosas neuronas cando as escoitamos caer. Son cantares e contares que nos trasladan a unha terra atemporal, eterna.

O destino designou como depositarias da esencia galega as xentes do pobo, e cando o pobo canta e conta a quen o quere escoitar, o que sucede transcende a unha simple comunicación: a transmisión oral crea, entre quen emite e quen recibe, un vínculo que os fai para sempre parte dunha mesma realidade; posuidores do mesmo coñecemento e responsables da súa perdurabilidade.

Tanto cada unha das cantigas dos temas que conforman Contares e cantares como os seus títulos son pequenas pílulas que conteñen ensinanzas e mensaxes e reflexións necesarias para comprender a idiosincrasia da nosa sociedade onte, hoxe e mañá. Conteñen, en resumo, un anaco da nosa esencia: do ser galego.

Os TRES PESOS volven aos escenarios con este proxecto para establecer ese vínculo unha vez máis, para ampliar o campo da transmisión oral máis aló das cantigas, para compartir co público unha ducia de **CANTARES E CONTARES** entrañables que eles recibiron xa de outros. Para que a roda da transmisión oral non se deteña.



FELISA SEGADE

voz e percusións tradicionais

JOSÉ ANTONIO FERREIRA (PEPE DE CALO)

gaita, clarinete, voz e percusións tradicionais

XOÁN PORTO

acordeón, voz e percusións tradicionais







CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836